

Miguel Hernández Fernández

PRESENTACIÓN CEA DE CONFRATERNIDADE X ANIVERSARIO

Boas noites a todos e a todas. Son Miguel Hernández profesor de Lingua Castelá e Literatura do Colexio Galén...

Cantas veces ao longo de dez anos esta frase foi unhas das primeiras que alá polo mes de setembro dicía dirixíndome a todos aqueles que me escoitaban na aula cando o curso comezaba. Pero podedes estar tranquilos hoxe o meu fin e outro ben distinto.

Teño a grande sorte de ser o primeiro que nesta noite tan especial se dirixa aos presentes e prometo que tentarei ser o máis breve posible. Por suposto, o primeiro que cómpre facer é agradecervos que vos atopedes aquí, é dicir, a vosa presenza.

Dende que se comenzou a preparar este encontro polo X Aniversario do Centro Educativo Galén, si ese é o seu nome oficial inon se chama El Galen!, o que recibimos foi un sentimento de entusiasmo ante a posibilidade de organizar diferentes actos do que esta cea é o primeiro.

Somos moitos pero aínda así queríamos lembrar a toda a xente que, por diversas causas, se puxo en contacto con nós para dicir que lle era totalmente imposible asistir a este encontro.

Desexamos que esta noite se convirta en algo inesquecible, por suposto, sen poñernos melancólicos, senón que todo aquilo que ceais hoxe lembramos, nos sirva para seguir medrando en todos os ámbitos da vida.

Sen máis que comentarvos, polo momento, e supoñendo que xa todos e todas tedes ganas de que este pesado deixe de falar, dou por inaugurada a cea de confraternidade en homenaxe ao X Aniversario do Centro Educativo Galén.

Moitas grazas.

Nieves de Neira

Hace unos días recibí, como muchos de los que estamos aquí, una llamada telefónica. En mi caso era Miguel. No podía esconder su alegría al decirme que Galén cumplía diez años, como tampoco yo podía disimular mi sorpresa. Diez años... diez años desde que el mismo Miguel Hernández me hizo la entrevista para entrar en el colegio. Hay momentos de nuestra vida que se recuerdan con una nitidez especial, como si tuviesen una luz propia. Son esos momentos que anuncian algo nuevo, esencial en nuestra vida, aunque cuando pasan no seamos conscientes de ello; parece que es la memoria la que los ilumina. Yo recuerdo esa entrevista con Miguel con esta nitidez, ese primer paso hacia Galén. Han pasado ya diez años de esto y estamos aquí ahora todos juntos para soplar las velas de este maravilloso cumpleaños, para que la luz de la memoria siga brillando.

Recuerdo el trayecto del bus mañana y tarde, los bocadillos de mortadela del recreo, el primer día con mis compañeros, los nervios compartidos antes de selectividad. Recuerdo a los más pequeños correteando por los pasillos, el magosto, nuestra excursión a París, las ganas de aprender. Recuerdo las matemáticas recién descubiertas con Pepe, el amor a la literatura con Miguel, la paciencia de Raúl y de Marga, la alegría de Mou, las filosofías de Elías, la pasión por la historia y por el arte que Belén nos transmitió, las estadísticas con Cristina, la omnipresencia de Pancho, a Álvaro, a César, a Uxía, a Ángela, a Santi... (soy consciente de que me dejo muchos nombres, pero éstos fueron los que más nos acompañaron a nosotros, el primer bachillerato, los que estuvieron día tras día viéndonos crecer).

Pero recuerdo algo más. Recuerdo que en esos años Galén me hizo más como yo era... que en esas clases no sólo aprendimos matemáticas, gimnasia, filosofía... aprendimos a ser mejores personas. Por eso en mi recuerdo lo que más brilla es la palabra gracias.

Gracias por habernos ofrecido vuestra educación, vuestra calidad y calidez humanas. Gracias por haber confiado en nosotros, los primeros en entrar en Galén y los primeros en salir... Gracias por habernos permitido vivir con vosotros aquel maravilloso inicio, por haber compartido con nosotros el entusiasmo de esta aventura. Gracias por haberla emprendido, de verdad.

César Gómez Cabanas

Boas noites,

A última vez que me dirixín a vos, aínda estabades en Galén, como vos dixen era unha profunda renovación de orgullo ver como cada un de vós iniciaba unha nova etapa. Comentabamos que a vosa pegada era xa parte do proxecto Galén e que quedaba impregnada aquí dentro e para sempre.

Tamén vos dicía que estaríamos seguros dos vosos éxitos en calquera dos campos nos que decidirades formar parte. Era unha fácil predición partindo de tal materia prima.

Agora, vémonos uns anos despois e aquel orgullo consolidado xa, fortalécese cunha sensación de máxima ledicia.

Debedes de saber que compartir unha aula con vós e moito máis que simplemente intercambiar información, xa por dar cadeas tróficas, dar forzas electromotrices ou da terrible historia do electrón e do ámbar.

Poñerse diante de vós cada día supón formar parte de moitos proxectos. Pero non de proxectos empresariais, falo de proxectos persoais no sentido mais profundo.

Cada vez que compartimos unha aula salpicádesme coa vosa alegría, vitalidade, emoción, esforzo, loita, ás veces desesperación... en definitiva humanidade, e iso para min é o fundamento do ser desta profesión.

Erguer a cabeza e mirarvos representa vivir de novo lembranzas profundas e de novo voltar a sentilas. Lenbranzas que xa son parte da miña vida; das miñas historias.

Síntome tremendamente emocionado de poder compartir unha cea con 200 persoas e 200.000 boas sensacións.

Moitas grazas por facerme sentir deste xeito.

Raúl Pérez Grande

Boas noites, debo comezar agradecendo a asistencia a esta cea de aniversario a todas as persoas presentes de Galén, moitas grazas por estar aquí.

Agradecervos especialmente a vós, alumnos e alumnas de Galén a vosa presenza. Somos conscientes de que todos e todas fixestes un alto nas vosas vidas para lembrar momentos que agardamos consideredes importantes e por iso viñestes. Moitas grazas

Quero lembrar, tamén, que moitos e moitas dos que non están aquí manifestáronnos o seu pesar por non poder asistir: persoal do centro e compañeiros vosos, quero lembrar especialmente a Pancho, primeiro director do centro e a Diana, directora xeral, na actualidade, que se atopa enferma.

Quero pedirvos unha lembranza moi especial para un compañeiro voso que non pode estar aquí. Sen dúbida nos acompaña a todos e todas os que o coñecemos: Abraham López Álvarez, alumno da promoción 2003/2004, falecido recentemente.

Quero agradecer o esforzo e o traballo desenvolvido por todo o persoal do Centro para que esta cea se celebrase, especialmente aos responsables da organización César, Álvaro, Ángela e Roberto e, tamén, a Ana, a secretaria, que os tivo que sufrir.

Todos e todas me coñecedes e sabedes que son profesor de lingua galega, non de oratoria pero tentarei ser breve e conciso.

Para min é unha responsabilidade poder dirixirme a todos vós nun acto coma este pero sobre todo é unha honra representar a Galén coas miñas verbas e un privilexio dirixirme a vós alumnado de Galén coa fin de pechar esta cea de lembranzas, agarimo, cariño e moitas anécdotas xa contadas pero non por reiteradas e repetidas menos entrañables.

Galén cumpre dez anos e consideramos que é un bo momento para facer memoria. Cando decidimos facer memoria pensamos en moitos actos, moitas ideas diversas; algunhas cristalizarán durante este ano, outras non foron posibles pero nunca dubidamos que xuntar ao antigo alumnado era fundamental e a resposta é esta, moitas grazas novamente por vir.

A frase escollida para esta cea non é casual; a idea naceu no discurso de despedida da última promoción que non derradeira e nós tomámonos a liberdade sen consultar de engadirille o noso crecemento e facela nosa como lema para este acto.

Voume converter agora por uns intres no profesor de lingua que son e analizar esta oración copulativa a nivel sintáctico e semántico aínda que o meu sexa o dos morfemas verbais:

Vós medrastes con Galén e Galén medrou con vós.

O suxeito, o que realiza a acción, sodes vós, os que medrastes na primeira oración na segunda somos nós e aí podíamos deixala pero preferimos engadir un complemento circunstancial de compañía, pois non podía ser doutro xeito.

Vós teríades medrado sen nós pero tende por seguro que Galén necesitaba, precisaba de vós para ser o que na actualidade é, un centro único e distinto, algo noso e voso, algo propio que todos e todas levamos dentro cando dicimos Galén.

Na carta coa que vós convocamos dicíamos que o alumnado actual é, e ti fuches tamén, o motivo e o centro do noso labor, non só o labor senón o sentido da nosa tarefa e a plasmación do noso proxecto educativo, que non sería posible sen o traballo e o compromiso diario de todo o persoal do centro.

Lembramos cando hai dez anos todos e todas atravesamos as portas, nós con ilusión e moito, moito medo, a nosa dúbida era: seremos quen de conseguilo? de acadar o noso obxectivo?; vós supoño que con ilusión pero tamén co medo de entrar nun lugar descoñecido con compañeiros e compañeiras aos que non coñecíades; o mesmo lles sucedeu e lles sucede a todos aqueles e aquelas que se foron incorporando ou se incorporan na actualidade.

Mirámosvos agora e vemos: avogados, informáticos, administrativos, militares, policías, odontólogos, periodistas, técnicos, empresarios, enxeñeiros, estudantes e todo isto en presente e en futuro, pois moitos de vós aínda estades estudando pero sobre todo o que vemos é homes e mulleres comprometidos, responsables, traballadores, laboriosos e laboriosas e cun proxecto de vida propio; esta é a nosa recompensa, vervos hoxe e saber que nos deixastes participar, que nos deixastes ter formado parte da vosa vida. Vervos confirmanos que o obxectivo marcado que dicía enriba se acadou. Somos un Centro Educativo que é o que sempre quixemos e queremos ser e ademais desenvolvemos un proxecto educativo que funciona pois na vosa pluralidade vémonos representados e hoxe podemos afirmar que sodes parte de nós, que seguides sendo parte de nós e sen vós non somos, non podemos ser .Galén.

Ao remate destas verbas, agardo que non fosen moi pesadas, continuaremos lembrando momentos que non se han repetir pero que forman parte da nosa equipaxe vital.

Moitas grazas